

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 4 DE FEBREIRO DE 2010.-**

**Presidente:**

Sr. Alcalde-Presidente  
Don Iván Puentes Rivera.

**Asistentes:**

Dona Rocío Rey Sampayo.  
Dona M<sup>a</sup> del Carmen Silvar Canosa.  
Dona Amalia García Balado.  
Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira.  
(auséntase da sesión no momento que se expresa na presente acta).  
Don José Antonio López Rodríguez.  
Don Juan Manuel Lourido González.  
Dona Rita María Couto Seijido.  
Don Manuel Polo Gundín.  
Dona Inés Roca Requeijo.  
Don Manuel Vicente Pico Sanmartín.  
Don Edgar Antonio Vigo López.  
Don Gumersindo Pedro Galego Feal.  
Dona Rocío Aurora Bértoa Puente.  
Don Juan José Franco Casal.  
Dona M<sup>a</sup> del Pilar Fornos Corral.  
Don Manuel Sánchez Martínez.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezaioito horas e trece minutos do día catro de febreiro de dous mil dez, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente Don Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Dona Rocío Rey Sampayo, Dona M<sup>a</sup> del Carmen Silvar Canosa, Dona Amalia García Balado, Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira (quen se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta), Don José Antonio López Rodríguez, Don Juan Manuel Lourido González, Dona Rita María Couto Seijido, Don Manuel Polo Gundín, Dona Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Edgar Antonio Vigo López, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M<sup>a</sup> del Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión a Interventora municipal, Dona Marta Roca Naveira, e actúa como Secretaria Dona Pilar María Pastor Novo, que da fe do acto.

**Interventora:**

Dona Marta Roca Naveira.

**Secretaria:**

Dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA EN DATA 5 DE NOVIEMBRE DE 2009.**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión celebrada en data 5 de novembro de 2009, previamente remitida coa convocatoria, e non formulándose ningunha, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión celebrada en data 5 de novembro de 2009.

## **2º.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA A NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NA ASEMBLEA XERAL DA CAIXA DE AFORROS DE GALICIA.**

Deseguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que logo de falar cos voceiros dos grupos políticos propón deixar este asunto sobre a mesa por varias cuestións, un pola urxencia no tempo, xa que se comunicou este luns que había que designar este representante e dous porque previsiblemente mañá o Consello de Ministros decida recorrer a Lei de caixas de Galicia e probablemente solicitarán a suspensión cautelar polo que propón deixar este asunto sobre a mesa á espera de que se resolva o recurso de inconstitucionalidade e que se saiban as regras do xogo para escoller o representante deste Concello para a asemblea xeral de Caixa Galicia.

Seguidamente, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a proposta de deixar o asunto sobre a Mesa, sendo aprobada por unanimidade.

## **3º.- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG RELATIVA AO BORRADOR DO DECRETO NO ENSINO.**

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que esta moción foi tratada en Comisión e votada favorablemente pola maioría dos seus membros, o que agradece por adiantado; di que presentan esta moción por un motivo evidente e que a ninguén se lle escapa; que dende que o Partido Popular ten o goberno de Galiza tomou unha serie de decisións con respecto ao uso da lingua galega bastante desafortunadas; que o BNG é unha organización política que defende o seu idioma galego, a súa utilización, a súa vixencia e a súa legalidade, que teña un status legal, que non o ten, igual ás demais linguas oficiais coma o castelán; que hoxe en día todo o mundo ten que saber que o galego non goza dun mesmo status legal que o castelán, que está nunha situación de inferioridade legal co castelán, o cal lles dá aos galegos e as galegas certo grado de inferioridade á hora de utilizar o seu idioma; que o Estatuto de Autonomía de Galicia e moitas normativas municipais apostan pola normalización do idioma galego en tódolos ámbitos, un deles, fundamental é o uso do idioma nas escolas, que está perfectamente regulamentado e fundamentado nun acordo por unanimidade do Parlamento galego do ano dous mil catro dun plan de normalización lingüística aprobado por tódolos grupos políticos a partir do cal se desenvolve un Decreto no ano dous mil sete que regula a utilización das linguas oficiais no ensino onde se asegura que, polo menos, o cincuenta por cento das materias se impartan en lingua galega coma un xeito de conseguir que cando se remate a educación obrigatoria todo o alumnado sexa competente en lingua galega e castelán; que o partido popular chega ao poder e o primeiro que fai é eliminar o galego das oposicións e o segundo que fai en contra do galego é reducir o galego drasticamente no ensino, e de aí esa manifestación coa folga xeral do ensino público do pasado vinte e un en Santiago de Compostela, demostrando claramente primeiro, que o pobo galego non está inocuo a estas políticas, e segundo que hai unha sensibilidade maioritaria a que polo menos ese cincuenta por cento de materias se imparta en lingua galega.

Seguidamente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade adoptado en sesión ordinaria celebrada en data 28 de xaneiro de 2010 que, transcrita di:

## **“2º.- MOCION DO GRUPO POLÍTICO DO BNG CONTRA O DECRETO DO GALEGO NO ENSINO.**

Seguidamente dáse conta da moción presentada polo grupo político do BNG relativa ao asunto epigrafiado de data 19 de xaneiro de 2010 que, transcrita di:

“Manuel Polo Gundín, portavoz do GM do BNG no Concello de Fene, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte Moción:

### **CONTRA O DECRETO DO GALEGO NO ENSINO**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Asistimos nos últimos tempos a unha situación esperpéntica, provocada por sectores políticos e mediáticos que pretenden trasladar á opinión pública a idea de que o idioma castelán corre perigo en Galiza, por mor dunha suposta imposición do galego e dunha suposta discriminación a que se vén sometidas as persoas que falan nesta lingua. Mentres tanto, a realidade é claramente á inversa: o proceso de normalización de usos do galego foi lento e, até hoxe, insuficiente para garantir o dereito a vivir na nosa lingua. Na práctica, estamos na negación da igualdade e convivencia entre as dúas linguas, feito no que coinciden numerosos informes, organismos e entidades.

Así, un informe do Consello de Europa elaborado a finais de 2008, advertía que no noso País non se están a dar garantías para o uso normal do galego en ámbitos tan importantes como a educación, a xustiza, os servizos públicos ou os medios de comunicación; incumpríndose os tratados internacionais sobre dereitos lingüísticos. Na mesma liña, un recente informe da Real Academia Galega sinala que en doce anos reduciuse á metade a cantidade de persoas que falan habitualmente en galego. Tamén o Consello Escolar de Galiza, nun informe sobre o galego no ensino, confirma unha clara desgaleguización do alumnado no seu tránsito da familia á escola, como consecuencia da desvantaxe do galego fronte ao castelán no sistema educativo.

Porén, a pesares da situación crítica pola que atravesamos a lingua propia do País, a chegada do PP ao Goberno da Xunta de Galiza non fixo mais que agravar a situación. A súa galegofobia está a propiciar que, en contraposición coa extrema ineficacia e parálise no resto da acción de goberno, o goberno de Feijoo estea a actuar con obsesiva celeridade en contra do galego e das medidas que, en boa parte, impulsou o goberno bipartito da Xunta de Galiza, inspiradas no consenso que establecece a Lei e o Plan de Normalización Lingüística. Así, eliminou a obrigatoriedade de realizar unha proba en galego para acceder á función pública, eliminou a condición de impartir en educación infantil un mínimo do 50% en galego en contextos español-falantes; desmantelou o modelo educativo de Galescolas, e reduciu drasticamente o orzamento para diferentes políticas de normalización lingüística, até o punto de que os orzamentos deste ano dedican un 20% menos á normalización que os do ano 2009.

Para o PP, o elemento central desta política de persecución contra o galego é a substitución do actual Decreto 124/2007 por un novo, cuxas bases para a súa elaboración presentou o Goberno da Xunta de Galiza o pasado 30 de decembro. O PP preséntao como o que será o decreto do plurilingüismo. Porén, non hai tal plurilingüismo, o que hai é un avance claro cara ao monolingüismo en castelán. Coas bases presentadas, vai haber menos galego no ensino, esa é a realidade. Na súa aplicación práctica, vaise pasar do 50% en galego ao 70 - 30 en favor do castelán. A introdución do inglés é unha cortina de fume, pois, como o propio decreto admite, non vai haber recursos para financiar a introdución do inglés, moito menos se temos en conta que o PP reduce os orzamentos para o ensino público.

As bases do decreto vulneran leis básicas aprobadas por consenso e tratados internacionais de dereitos lingüísticos. En concreto, vulnera a letra e o espírito da Lei de normalización lingüística (artigos 12 e 13), así como da Carta europea de linguas rexionais ou minoritarias (art. 8). O borrador non garante que o alumnado acade a competencia en lingua galega, polo tanto sitúase mesmo fóra do marco do Estatuto, artigo 5. Un goberno serio, cívico e responsábel debería cumprir as leis e os tratados internacionais de dereitos humanos e lingüísticos.

É un borrador que vai traer conflitos á sociedade e aos centros educativos, onde antes había acordo e consenso. A Xunta fai deixación das súas funcións e traslada o problema ao

profesorado, ao estudantado e ás familias. Porque ademais é unha proposta feita de costas á sociedade galega, sen ningún consenso con estes colectivos nin coa sociedade en xeral. Por iso se presentou na véspera de fin de ano, a última hora do serán, e sen que existise ningún proceso previo de diálogo nin contraste.

As bases para a elaboración do novo decreto preséntanse baixo a suposta argumentación de que garante a liberdade de elección. Porén, non se pode falar de liberdade de elección cando existe desigualdade xurídica entre o galego e o castelán, e o galego está situado nun nivel de inferioridade en todos os usos sociais. Nin se pode falar de liberdade de elección cando se impide a adquisición de competencia en lingua galega.

En resumo, é unha agresión á dignidade da nosa cultura que haxa un goberno da Xunta de Galiza que maltrata e despreza a lingua propia do noso País.

Por isto solicitamos do Pleno da Corporación a adopción do seguinte

## **ACORDO**

### **Instar á Xunta de Galiza a**

- 1. Retirar o borrador do novo Decreto sobre o uso das linguas vehiculares no ensino, presentado o pasado día 30 de decembro diante da opinión pública.**
- 2. Cumprir as obrigas estatutarias de normalización da lingua propia de Galiza en todos os planos da vida pública, de acordo co artigo 5 do Estatuto de Autonomía.**
- 3. Retornar ao consenso político e social que se establece no marco normativo da Lei de Normalización Lingüística e no Decreto 124/2007, consecuencia do Plano de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade das forzas parlamentares.**

Fene, 19 de xaneiro de 2010”.

Aberto o debate (.../....)

Rematado o debate e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade acorda con sete (7) votos a favor( dos Sres/as Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rey Sampayo, López Rodríguez , Polo Gundín e Sánchez Martínez) e co voto en contra do/a Sr./a Franco Casal e Fornos Corral acorda dictaminar favorablemente a moción do grupo político do BNG de data 19 de xaneiro de 2010, que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”.

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que por iso presentan esta moción instando a Xunta de Galicia e piden o apoio de tódolos grupos políticos.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que o Partido Popular xa expresou o seu voto na Comisión e loxicamente van votar en contra xa que en primeiro lugar o galego non é de ninguén; que cando Fraga gobernaba se aprobou unha Lei de normalización lingüística e aprobouse ademais por unanimidade e que nunca xurdiu ningún problema ata que se fixo o Decreto 124/2007 que é un decreto de inversión lingüística coma o que se fai en Cataluña e que despois deste decreto ao mellor virían as multas por rotular en castelán en vez de galego, o cine ao cincuenta por cento dobrados ou subtitulados, etc.; di que xa coñecen o modelo; que o PP non ten galegofobia; que o Partido Popular non está en contra de coñecer a lingua, usala e ensinala ; que tampouco están de acordo coa moción pola que se suprimen as galescolas, se racionalizan as escolas infants que era o que se ofreceu na campaña electoral, e que non se poden esquecer de que o día un de marzo o Partido Popular gañou as eleccións apoiado pola maioría absoluta dos galegos e

o Sr. Feijoo o que está a facer, lexitimamente, é cumprir co seu programa electoral e cree que o está a cumprir bastante ben porque cando non lles gusta aos radicais dun lado coma son os que queren so o galego nin aos radicais doutro lado coma son os de Galicia bilingüe pois parécelle que esta acertando; que o eliminar o galego das oposicións parécelles unha medida lóxica, xa que cando ven a examinarse un médico queren que saiba medicina e non galego, e cando ven a examinarse calquera profesional queren o mellor profesional que poida haber; di que dende a tribuna na que fala non vai facer da lingua un motivo para andar a paos.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que dende EU van votar a favor; que non se debe xogar nin cos idiomas nin coa ensinanza polo que non debería haber conflito de linguas.

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente quen manifesta que o Partido Socialista na Comisión votou a favor desta moción, e que obviamente vai manter o seu voto a favor neste Pleno por unha cuestión básica; que non cre que eles sexan radicais en ningún asunto, pero si o son na defensa dos dereitos e deberes dos cidadáns deste país, e entenden que o dereito a coñecer e a usar a lingua do seu país é un dos dereitos fundamentais que teñen tódolos cidadáns de Galicia; que cren que o resultado deste Decreto é o resultado da liorta na que se meteu o Presidente da Xunta cando estaba na oposición, cando na campaña electoral intentou arrepañar votos, dun xeito moi inconsciente, xogando con algo tan valioso coma é a lingua, un elemento que en Galicia nunca fora elemento de discusión nin de desencontro entre a maioría de galegos e galegas, xa que neste país non había conflito lingüístico, e que intentou introducir en Galicia coma semente de discordia, intentando extrapolar realidades, coma a catalana ou a vasca, a este país que non tiña nada que ver, porque a lingua neste país nunca foi motivo de discusión ou separación entre os galegos e as galegas; que eles non teñen nada en contra da introdución do inglés no ensino, todo o contrario, que creen que si hai un fracaso no ensino público e no privado deste país é precisamente no ensino dos idiomas estranxeiros e que é certo que o inglés teñen que melloralo e procurar que os nenos e nenas cando rematen o ensino sexan competentes no inglés, tamén no galego e no castelán; que el o que teme é que a introdución do inglés neste Decreto é a cortina de fume para que ninguén se fixe no que pasa co galego, porque á hora da verdade é difícil explicar que de súpeto, o día de mañá, que os que están aquí, unha boa parte estudaron inglés coma materia obrigatoria no ensino e estudaron dez anos e saben falar inglés, con honrosas excepcións, igual que cando estaban en terceiro de EXB, pero é difícil facer crer que iso vai mudar, que os profesores deste país van estar preparados para dar as clases en inglés sen que previamente non se faga unha labor de formación dese profesorado; que cando un vai aos orzamentos de Galicia se atopa que a partida destinada á formación do profesorado diminúe un vinte por cento, que ás partidas destinadas á viaxes de estudantes ao Reino Unido, fundamentalmente, para aprender inglés durante o verán diminúen e que se conxelan os cartos destinados ao ensino público; que é difícil crer que se xa teñen unha situación na que non é posible ensinar inglés, recortando cartos e recortando orzamento se poida conseguir ese investimento lingüístico en inglés; que por tanto eles cren que é un intento de Feijoo para saír da liorta na que se meteu nas eleccións, para quedar ben e mal con todo o mundo, cos de Galicia Bilingüe e coa maioría dos sectores deste país que reclaman un nivel de protección especial ao galego; que en todo caso é unha inconsciencia do goberno da Xunta de Galicia; que é un intento do PP para ocultar, non sabe se a súa galegofobia, pero si a súa intención de castelanizar as aulas, castelanizar o país e que o galego sexa unha cousa residual, testemuñal e que se aprenda coma se poida, pero que en todo caso un terzo de materias que formula o Decreto é moi pouco ambicioso; que o mellor que se lle pode pedir á Xunta de Galicia é que retire este Decreto, polo que o Partido Socialista tamén no Pleno do Concello de Fene vai votar en contra deste Decreto e polo tanto a favor desta moción.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que brevemente quere puntualizar algunhas cuestións; que o idioma galego é do pobo galego, do conxunto do pobo galego; que o voceiro do Partido Popular descoñece o que é a inmersión lingüística e que o descoñece porque nin no anterior Decreto nin neste se fala de inmersión lingüística, pero que é mais, a inmersión lingüística non deixa de ser un método de aprendizaxe de idiomas moi bo; que non se pode enganar, nin meter medo, nin variar a percepción das cousas; que o que se fai neste Decreto é diminuír a presenza do galego ao trinta e tres por cento, é eliminar os equipos de normalización lingüística dos colexios, é incluír o inglés cunha porcentaxe imposible, xa que non hai un trinta e tres por cento de profesorado competente en lingua inglesa para impartir as materias, nin está o alumnado preparado para recibir bioloxía, matemáticas ou física en inglés, cando nin a propia lingua inglesa se da en inglés, para canto menos o trinta e tres por cento das materias; que inclúe outra barbaridade, coma é a libre elección dos pais e das nais dos idiomas dos seus fillos, se queren a materias en galego ou castelán; que a execución do Decreto en si mesmo é irrealizable, e que o normal e lóxico é que se retire e que ese Decreto sexa aprobado por consenso ,e a poder ser ademais por xente que entenda de educación; que hai outra cuestión que se lles escapa, que é que teñen maioría absoluta no Parlamento pero non a maioría absoluta dos votos, xa que o BNG e o PSOE sacaron cinco mil votos máis que o PP, outra cousa é que a Lei de D'Hondt provoque que teña máis deputados, polo que non se poden atribuír a representación de todo o pobo galego por gañar unhas eleccións con maioría absoluta, polo que non se pode recorrer sistematicamente a afirmar que teñen a maioría do pobo galego; que en canto á revitalidade ten claro que o Partido Popular ten unha fábrica de ideas que se chama FAES que vai en contra da normalización lingüística do galego, en contra do galego normativo, que fai alusións ao acento galego, ao nacemento do movemento Galicia Bilingüe e a radicalización pola defensa dun uso normal do idioma galego en Galicia; que a moción está clara, que vai recibir un apoio maioritario, que volve a agradecer ; que o Partido Popular o que ten que facer é retornar á realidade.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que o que está a facer o Presidente Feijoo é cumprir cunha das súas promesas electorais, guste máis ou menos; que dentro de tres anos poderase cambiar de novo as cousas; que ao Partido Socialista non lle quedou máis remedio que subirse á política lingüística do BNG cando estaban no bipartito da Xunta, non porque o Partido Socialista sexa así, xa que está seguro de que neste tema está máis cerca das teses do Partido Popular que das do Bloque; que nas derradeiras eleccións autonómicas ademais, por este motivo, si se fixan o Partido Socialista non perdeu ningún deputado autonómico e o Bloque perdeu dous e entón o pobo galego non está tan equivocados, xa que o pobo galego votou a dous partidos estatalistas, coma din os do Bloque, polo que os resultados son os resultados e os programas son os programas e aí están as eleccións; que dentro de tres anos pódese dar outra volta, segundo os resultados, ao Decreto 124/2007; que verbo do inglés, el aprendeu durante moitos anos inglés e non sabe falalo, polo que algún día haberá que coller o toro polos cornos, xa que sobre todo en materia tecnolóxica o inglés é moi necesario; que o galego , é necesario, preciso, que el o fala e o estará sempre apoiando, pero todo con liberdade.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que cando se fala aquí de pedir cordura o que non se pode é dicir que cando se produza un cambio de goberno tense que volver a cambiar o tema do idioma, xa que non se pode estar a cambiar en cada lexislatura o tema do idioma, porque se vai deteriorando a ensinanza; que en canto ao inglés, aínda que é necesario aprender máis inglés e que a nivel tecnolóxico se impón, tamén hai outros idiomas e non por iso hainos que aprender todos; que os partidos políticos ou os gobernos cando non están de acordo cunha materia usan argumentos, coma sucedeu en Valencia coa materia de educación para a cidadanía ou neste caso co tema do inglés.

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que quere facer dúas matizacións; que lle encanta que o voceiro do Partido Popular apele ao galeguismo do PPdeG e lles conceda a eles o beneplácito de seren do PSOE e non do PSdeG; que verbo do Decreto di que aquí non se fai seguidismo nin do PSOE ao BNG nin do BNG ao PSOE xa que son formacións políticas diferentes e o evidencian ben evidenciado cando lles toca gobernar xuntos, pero en todo caso, pensa que se o que pretende a Xunta de Galicia é facer un Decreto que lle serva aos galegos e as galegas ten que ser un Decreto que sexa de consenso; que en educación un dos grandes defectos deste país é que cada vez que hai un cambio de goberno hai un cambio na Lei educativa e non hai un sistema ou modelo educativo estable e co galego pasa o mesmo; que vai romper unha lanza a favor de Manuel Fraga, que con tódolos defectos que tiveron os gobernos de Fraga na protección da lingua, xa que non se seguía e non se vixiaba por parte do goberno galego o cumprimento da Lei de normalización lingüística, si que é certo que se garantiu unha cousa boa ,que foi o consenso das forzas políticas; que se o Partido Popular quere facer un Decreto do galego que serva de verdade a este país o que ten que facer é retiralo e buscar un consenso cos partidos; que ademais cree que se fai unha reflexión moi corta e sempre se reduce a que co castelán se accede a todo o mundo e co galego non pero os galegos teñen unha vantaxe comparativa respecto ao resto de cidadáns de España xa que co galego poden ir a Portugal, Brasil e a todo o mundo luxófono que son varios centos de millóns de persoas e o normal é que os rapaces sexan competentes na aprendizaxe do galego e que aínda encima lles poida abrir as portas de países estranxeiros máis aló dos que falan castelán; que por tanto pensa que menos electoralismo, menos follón verbo da lingua e que hai que sentarse e facer un Decreto que lles valga a todos.

Rematado o debate, pola Presidencia sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13), (dos Sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo, Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Catro (4), (dos Sres/as Galego Feal, Bértoa Punte, Fornos Corral e Franco Casal).

Abstencións: Ningunha

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade adoptado en sesión de data 28 de xaneiro de 2010, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

#### **4º.- ACORDO EN RELACIÓN AO CONFLITO QUE ENFRONTA AOS TRABALLADORES DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E A PATRONAL DO SECTOR.**

A continuación intervén o Sr. Alcalde e di que trátase dunha moción que xurdiu dunha moción do BNG e doutra do PSOE e, que ámbalas dúas foron refundidas foi ditaminada favorablemente por unanimidade, polo que dá conta do ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade adoptado en sesión ordinaria celebrada en data 28 de xaneiro de 2010 que, transcrito di:

#### **“3º.- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG RELATIVA Á NEGOCIACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO DOS/AS TRABALLADORES/AS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.**

A continuación dáse conta da moción do grupo político do BNG relativa ao asunto epigrafiado de data 21 de xaneiro de 2010.

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que esta moción a presentan, como tamén se tratou en Ferrol e Narón, para mostrar a solidariedade do Concello de Fene cos traballadores e traballadoras e para que tamén o Concello inste ás empresas para tomar medidas precisas para unha pronta solución do asunto, xa que a partires do mes de febreiro está prevista unha folga indefinida. Continúa dicindo que no terceiro punto propoñen ao que o Concello compense aos/ás usuarios/as, xa que se non se prestan as actividades; di que teñen a esperanza de que se solucione o asunto a vindeira semana pero que, en todo caso, teñen información relativa a que na última reunión non se chegou a un acordo.

Seguidamente intervén a Sra. Silvar Canosa e manifesta que o seu grupo ten unha moción que ven a reivindicar o mesmo. Di que ela o que lle dixo á empresa é que se no mes de febreiro se continúa coa folga indefinida terían que adoptar medidas para compensar á xente polas horas nas que non se prestaron servizos, facer actividades alternativas.

Deseguido pide o uso da palabra o Sr. Franco Casal quen, unha vez concedido, di que desde o Partido Popular están de acordo con ambas as dúas mocións, que son practicamente idénticas, e que mostra a súa solidariedade coa xente que sofre os prexuízos.

Pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, di que poden facer unha moción conxunta.

A Sra. Silvar Canosa intervén e manifesta que está de acordo, polo que propoñe modificar a proposta de acordo no seguinte senso:

- A exposición de motivos, o punto primeiro e terceiro, manter a redacción da moción do grupo do BNG.
  
- O punto segundo da parte dispositiva quedaría co seguinte teor literal: “ Reclamarlle ás empresas que prestan os servizos a compensación aos/ás usuarios/as das instalacións polas actividades non realizadas nas xornadas de folga”.

A proposta de acordo, coas modificacións introducidas, queda redactada do seguinte xeito:

#### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Os traballadores das instalacións deportivas de toda Galiza iniciaron un calendario mobilizador de cara a conquistar a sinatura dun convenio colectivo de ámbito galego que homologue as condicións laborais de preto de 3000 traballadores, dignifique os seus salarios e garanta unha xornada de traballo que permita conciliar a vida laboral e persoal destes traballadores e traballadoras.

En realidade, a negociación do convenio de ámbito galego xa se abriu hai meses co inicio dunha mesa de negociación no Consello Galego de Relacións Laborais, aínda que a patronal amosou unha total desidia e desprezo, tanto cara os traballadores como cara á propia institución do Consello, xa que paralizou este proceso no mes de maio, mantendo en todo momento unha actitude de menosprezo e indiferencia que pode abocar nunha folga indefinida a partir do 1 de febreiro que pode deixar sen 2.- servizo a máis de 100.000 usuarios/as en toda Galiza.

Hai que lembrar que a maior parte destas empresas estan en réxime de concesión prestando servizos públicos, ben de ámbito municipal ou autonómico. Aquí é onde comeza a nosa responsabilidade municipal.

O noso concello non vive alleo a este proceso negociador xa que os días de folga estase deixando sen cubrir un servizo publico que afecta principalmente á piscina da Centieiras.

O Concello de Fene non pode manter unha actitude de convidado de pedra neste conflito xa que como acabamos de indicar afecta directamente a servizos municipais.

Por todo iso, se insta ao Pleno de Fene á adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- O Pleno expresa a solidariedade do concello de Fene coas demandas dos traballadores e traballadoras no sentido de que se dignifiquen os seus salarios e garanta unha xornada de traballo que permita conciliar a vida laboral e persoal destes traballadores e traballadoras.

2.-Reclamarlle ás empresas que prestan os servizos a compensación aos/ás usuarios/as das instalacións polas actividades non realizadas nas xornadas de folga



3.- Que o Concello de Fene compense aos usuarios e usuarias destes servizos no caso de manterse esta situación no tempo.”

Rematado o debate e sometido o asunto pola Presidencia a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta de acordo que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose debate, pola Presidencia sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade adoptado en sesión ordinaria celebrada en data 28 de xaneiro de 2010, sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade adoptado en sesión ordinaria celebrada en data 28 de xaneiro de 2010, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

#### **5º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

A continuación dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 1/2010 do 4 de xaneiro de 2010 e a número 40/2010 do 27 de xaneiro de 2010.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que lle chama a atención a Resolución 4/2010 e pregunta qué traballos fixo ese señor porque o importe dos honorarios lle parece moi elevado.

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que coincide , xa que tamén lle parece un prezo moi alto e que aínda lle parece mais alto o prezo da factura orixinal que era de cen mil euros; que se trata dun preito no que se defendeu ao Concello por unha responsabilidade patrimonial fai catro ou cinco anos; que o Concello gañou o recurso e o avogado remitiu unha factura duns cen mil euros; que isto xa ven de tempo atrás; que na Xunta de Goberno Local se paralizou esa factura para esclarecer eses honorarios; que houbo unha serie de reunións con esa persoa e se diminuíu a cantidade, pero que a eles lles segue parecendo excesiva e o avogado reclamou esa factura vía xudicial, o Concello perdeu e se lles condenou ao pagamento destes honorarios.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que o Concello non foi moi dilixente, xa que cando se procede a unha xura de contas o Concello debese defender.

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e di que o Concello fixo unha serie de alegacións á Resolución inicial, que están no expediente, e foron desestimadas; que se fixo unha consulta legal e se lles informou de que as posibilidades de gañar son poucas, e que as costas poden ser maiores polo que se decidiu facer o pagamento.

A continuación pide novamente o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que se parte dun mal inicio e se chega a un fin peor, xa que se chega á execución e se cargan costas de execución tamén.

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e di que este Concello pelexou dende hai dous anos para non pagar esta factura.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que hai que pelexar no xulgado; que eles xa fixeron a suxerencia de sacar a concurso o servizo de defensa xurídica para que non pasen estas cousas.

## **6º.- MOCIÓNS URXENTES.**

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que neste punto hai unha proposta máis unha moción conxunta de tódolos grupos políticos sobre Poligal e tamén unha proposición de Alcaldía.

### **6º.1.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 4 DE FEBREIRO DE 2010 DE RECTIFICACIÓN DUN ERRO ARITMÉTICO EN ACORDO DO CONCELLO PLENO DE DATA 2 DE FEBREIRO DE 2010.**

A continuación o Sr. Alcalde-Presidente manifesta que esta proposta da Alcaldía é para emendar un erro aritmético que se produciu no acordo que se adoptou no Pleno do pasado martes ,no que se aprobou o Plan E, xa que se detectou que había un erro de transcripción no importe dunha cantidade que sumaba o importe sen IVE, que esta ben, máis a cantidade de IVE, que tamén estaba ben, dando coma resultado o importe a emendar no que se transcribiu a cantidade de 25143,39 euros cando debía ser 25243,39 euros e seguidamente procede a dar lectura da proposición da Alcaldía de data 4 de febreiro de 2010, que transcrita di:

#### **“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA**

Téndose advertido un erro aritmético no acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria celebrada en data 2 de febreiro de 2010, relativo á solicitude de financiación con cargo ao Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local de gastos correntes do programa de actuación “ Funcionamento dos Colexios Públicos”, en concreto na cantidade que figura no cadro do punto primeiro da parte dispositiva relativa ao Subtotal Gasto corrente, onde figura a cantidade de 25.143,39 € (con IVA), cando a suma das cantidades sen I.V.E. ( 21.761,54) e o I.V.E. (3.481,85 €) é 25.243,39 €

Visto o disposto no artigo 105.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

#### **PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

Rectificar o erro aritmético producido no acordo adoptado na sesión extraordinaria celebrada en data 2 de febreiro de 2010 no seguinte senso:

No apartado primeiro da parte dispositiva:

Onde di:

“ .... Subtotal Gasto corrente: 21.761,54 € (Sin IVA)

3.481,85 € (IVA)

25.143,39 € (Con IVA).... “

Debe dicir:

“ .... Subtotal Gasto corrente: 21.761,54 € (Sin IVA)

3.481,85 € (IVA)

25.243,39 € (Con IVA).... “.

Fene, 4 de febreiro de 2010.  
O ALCALDE  
Asdo: Iván Puentes Rivera.”

A continuación o Sr. Alcalde-Presidente manifesta que a urxencia ven determinada por que coma se está a tramitar todo o relativo ao Plan E existe a posibilidade de que o Ministerio detecte o erro e solicite a emenda deste.

Deseguido, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade.

A vista do resultado da votación, declárase aprobada a urxencia do asunto.

Seguidamente, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a proposición da Alcaldía de data 4 de febreiro de 2010, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposición da Alcaldía de data 4 de febreiro de 2010, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

#### **6º.2.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE DATA 4 DE FEBREIRO DE 2010 EN RELACIÓN Á SITUACIÓN LABORAL DOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DA EMPRESA POLIPROPILENO DE GALICIA, S.A.U (POLIGAL) E AO EXPEDIENTE DE REGULACIÓN DE EMPREGO PRESENTADO POR ESTA.**

A continuación o Sr. Alcalde-Presidente manifesta que esta moción xurde do encontro que tiveron os concelleiros/as cos traballadores/as da empresa hai unha semana en relación ao ERE que ten presentado a empresa; que naquela reunión unha das cousas que acordaron foi a de presentar unha moción no Pleno desta Corporación en defensa dos seus dereitos laborais e pedindo a retirada dese ERE; que nun primeiro momento non ía vir esta moción ao Pleno porque a Xunta de Galicia, felizmente, rexeitou o ERE de Poligal esta semana, pero que os traballadores da empresa avisaron esta mañá que a empresa ten a vontade de recurrir esta decisión e pedíronlles de novo este apoio, igual que xa fixeron os Concellos de Narón e Ferrol nos plenos que tiveron a semana pasada. Continúa o Sr. Alcalde-Presidente a súa intervención e procede a dar lectura da Moción conxunta dos grupos municipais de data 4 de febreiro de 2010, que transcrita di:

“Os Grupos Municipais do PS<sup>de</sup>G-PSOE, BNG, PP e EU-IU ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación á **SITUACIÓN LABORAL DOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DA EMPRESA POLIPROPILENO DE GALICIA, S.A.U (POLIGAL) E AO EXPEDIENTE DE REGULACIÓN DE EMPREGO PRESENTADO POR ESTA**, presentan para o seu debate e votación a seguinte moción ó Pleno do Concello de Fene:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A pasada semana os Grupos Municipais do Concello de Fene reuníamos co Comité de Empresa de POLIGAL para coñecer de primeira man a situación laobral na que se atopan e amosarlles a nosa solidariedade e colaboración en todo aquilo que precisen para manter os seus postos de traballo.

POLIGAL ven sendo unha das empresas de referencia de Ferrolterra no que a creación de emprego e prosperidade económica se refire. Empresa que naceu ao amparo de diversas axudas públicas destinadas a mellorar a diversificación industrial da nosa comarca.

Pese á súa notable traxectoria e a non dar mostras de debilidade nos últimos tempos, POLIGAL decidiu hai uns meses presentar un expediente de regulación de emprego que lle permitiría prescindir de máis dun centro de traballadores e traballadoras.

Dito E.R.E. non parece sustentarse en necesidades financeiras da empresa, que no caso de que existan, deberían solverntarse con medidas menos traumáticas que o despido de traballadores e traballadoras, que debe ser sempre a última medida a adoptar.

Esta semana coñecemos a boa nova de que a Xunta de Galicia rexeitaba ese Expediente de Regulación de emprego, precisamente por non estar obxectivamente xustificado. Pero a decisión non é aínda firme e todo parece indicar que POLIGAL recorrerá esta decisión.

Por todo o sinalado anteriormente, os Grupo Municipais do PS<sup>de</sup>G-PSOE, BNG, PP e EU-IU presentan a seguinte:

### **PROPOSTA DE RESOLUCION**

O Pleno do Concello de Fene acorda:

1. Rexeitar o expediente de regulación de emprego presentado por Polipropileno de Galicia, S.A.U. (POLIGAL) ao considerar que non se sustenta en razóns financeiras ou laborais obxectivas.
2. Solicitalle a Polipropileno de Galicia, S.A.U. (POLIGAL) que atenda as demandas dos seus traballadores e traballadoras e retire o referido E.R.E
3. Solicitar á Xunta de Galicia que, de producirse, non acepte o recurso que presente Polipropileno de Galicia, S.A.U. (POLIGAL) e que, en todo caso, rexeite un E.R.E. inxusto como é este.
4. Amosar a nosa solidariedade e apoio ao Comité de Empresa e ao conxunto de Traballadores e traballadoras de Polipropileno de Galicia, S.A.U. (POLIGAL) na súa loita por manter os postos de traballo desta empresa.
5. Dar traslado do presente acordo á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, a Polipropileno de Galicia, S.A.U. e máis ao Comité de empresa de POLIGAL.

**Fene, 4 de febreiro de 2010**

José Antonio López Rodríguez  
Voceiro do G.M. do PSdeG PSOE

Manuel Polo Gundín  
Voceiro do G.M. do BNG

Gumersindo Galego Feal  
Voceiro do G.M. do PP

Manuel Sánchez Martínez  
Voceiro do G.M. de EU-IU

### **ILM. SR. ALCALDE DO CONCELLO”**

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que a urxencia da moción ven determinada polos acontecementos que se están a producir hoxe mesmo verbo da intención da empresa de recorrer a decisión sobre o rexeitamento da Xunta de Galicia do ERE presentado.

Deseguido, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade.

A vista do resultado da votación, declárase aprobada a urxencia do asunto.

Seguidamente, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a Moción conxunta dos grupos municipais de data 4 de febreiro de 2010 anteriormente transcrita, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a Moción conxunta dos grupos municipais de data 4 de febreiro de 2010.

## **7º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que quere saber qué hai da recadación da Deputación no Concello, xa que se aprobou a cesión ,se quedou en que viría persoal da Deputación dous días por aquí para exercer o cobro e agora ven que se anuncia que se vai traer unha oficina de recadación, polo que queren saber en qué termos está isto.

Continúa a súa intervención o Sr. Polo Gundín e di que quere formular os seguintes rogos:

- Roga ao Sr. Alcalde que non se use a web municipal para contestar ao BNG, xa que teñen solicitada numerosa información sobre os orzamentos e entenden que o foro lóxico para comentar os orzamentos é a Comisión Informativa ou reunións bilaterais e non a través dos medios de comunicación.
- Que seguen sen ter resposta a numerosísimas preguntas orais e escritas que teñen feitas a distintos órganos de goberno, polo que van ter que tomar outro tipo de actitude ante esta situación.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Couto Seijido quen, unha vez concedido, manifesta que quere preguntarlle á Concelleira de Servizos Sociais se xa hai data de adjudicación do ascensor do pavillón de San Valentín, de onde se vai sacar o diñeiro con que penaliza a Deputación ao Concello por adjudicar fóra de prazo, xa que os orzamentos están prorrogados e se hai vontade política, no caso de que non haxa eses cartos, de continuar con esa obra.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Roca Requeijo quen, unha vez concedido, manifesta que quere preguntarlle ao Concelleiro de Obras e Servizos, como xa preguntou no Pleno anterior, si se repuxeron os colectores que faltaban por motivo da queima ou se aínda están pendentes; di que verbo da de voluminosos, logo de pasar un mes de traballar co novo servizo, pensa que os veciños e veciñas e as sociedades do Concello non teñen información dabondo, aínda que se deu publicidade na radio e na prensa, xa que moitos aínda seguen a chamar ao teléfono de balde de Urbaser e deixar os voluminosos os días que pensaban que ían vir e non foron; que se observan en distintos puntos do Concello que os voluminosos non se están a recoller en tódolos puntos polo que pregunta si se vai dar información aos veciños e sociedades do Concello; que en relación as talas que se fixeron no río Cádavo pide que se tomen as medidas de seguridade oportunas verbo dun cepo que non quedou cortado a ras do chan e que quere saber qué empresa realizou os traballos, se vai realizar ou realizou máis traballos no Concello e que solicita para a vindeira Comisión un listado das empresas que están a facer traballos de tala, poda e xardinería no Concello.

Continúa a súa intervención a Sra. Roca Requeijo e di que roga se fagan as xestións oportunas para sacar adiante a moción aprobada sobre o tema do transporte metropolitano.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Vigo López quen, unha vez concedido, manifesta que na estrada da Palma se está levando a cabo o asfaltado dun carril e está a quedar bastante rugoso, o que provocará que se deteriore axiña, que e outro tema é o da seguridade

viaria dunha das curvas onde máis accidentes hai neste Concello que é a que hai xusto despois do DIA indo cara a Barallobre onde se fixo un asfaltado aínda maior, polo que rogan se faga un seguimento destas obras para observar se o que se está a facer é o correcto ou se debe facer un asfaltado urxente.

Continúa a súa intervención o Sr. Vigo López e di que verbo do Museo do Humor, queren saber para cando está prevista a súa reapertura, xa que o ano pasado consignouse unha partida dentro do Fondo Estatal para que o Museo fose un referente turístico a nivel de toda a Comunidade, e xa pasou un mes dende que remataron as obras e segue sen saber que tipo de contido se lle pensa dar e que tipo de accións de dinamización se pensan para este museo, e lembra que este ano ademais é ano xacobeo e que debía estar aberto o museo dende o primeiro de xaneiro, xa que é un ano no que pasan moitas persoas camiñando xusto ao lado da Casa da Cultura.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido, manifesta que, logo das obras do saneamento que se fixeron no camiño de A Toore en Magalofes, fai tres meses que se afondou o camiño e é un perigo latente.

Continúa a súa intervención o Sr. Pico Sanmartín e di que quere saber como están as xestións da impulsión de auga a Magalofes; que reitera a unha pregunta feita no anterior Pleno verbo da limpeza e conservación do Polígono Vilar do Colo e pregunta si se fixo algo; que o asfaltado da N-VI leva tres anos dende que se iniciou, e só está asfaltado ata a gasoleira e presenta ademais unhas deficiencias na pintura na zona urbana, e que hai dous meses que se ía facer e aínda está igual, polo que pregunta por qué segue igual.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que en canto á pregunta da recadación, o Concelleiro de Facenda e el estiveron esta semana na Deputación ultimando os detalles do que será o novo servizo de recadación municipal e ata esta mesma semana estivo a antiga empresa pechando tódolos asuntos que quedaban pendentes, e o que lles trasladou o responsable de economía e facenda da Deputación, que é o deputado Antonio Lagares, foi que coma se falou nun primeiro momento, nos períodos de cobranza en Fene haberá dúas persoas da Deputación que estarán os martes e os xoves na Casa do Concello, servizo compartido con Narón que ten o servizo o luns, mércores e venres, e que fóra dos períodos de cobranza o servizo será dun día; que en todo caso a Deputación vai facer unha campaña para propiciar a domiciliación das taxas e dos impostos municipais, xa que os niveis de domiciliación bancaria son baixos e non chegan apenas ao cincuenta por cento, e tamén dun impulso das novas tecnoloxías para poder facer o pagamento dos recibos, ademais de en calquera oficina bancaria das sete entidades bancarias que hai no Concello, a través dos caixeiros de Caixa Galicia, e que tamén se está a mirar outro tipo de tecnoloxía a través do móbil e web que a Deputación quere poñer en marcha; que o martes da semana que ven estará o Tesoureiro da Deputación para reunirse cos responsables dos servizos económicos, coa interventora, a tesoureira e o Concelleiro de Facenda para ultimar xa tódolos trámites para poñer en marcha ese servizo. Continúa o Sr. Alcalde-Presidente a súa intervención dicindo que verbo do rogo do orzamento, a web do concello non se utiliza nin para desgustar, nin para discutir nin para contestar ao BNG; que sinxelamente se elabora un proxecto de orzamento, se lle fai entrega do mesmo aos grupos políticos e dous días máis tarde se fai unha presentación pública dese orzamento, coma é normal e lóxico por parte do goberno municipal, sen detrimento da evolución que ese orzamento poida ter, da negociación que se establece cos grupos políticos e demais; di que as preguntas que hai formuladas polo BNG, non sabe si se refire a preguntas que foron contestadas pero non están aclaradas suficientemente ou preguntas que non están contestadas, pero que, en todo caso, ofrécese para mirar e facer unha recompilación desas que non estean contestadas e darlles unha resposta oportuna sen ningún tipo de problema; que verbo do transporte metropolitano seguen compartindo o contido da moción que di a Concelleira Sra. Roca Requeijo e di que se acaba de prorrogar o antigo convenio coa Xunta de Galicia coa idea de chegar antes de final

de ano a un acordo para asinar o novo convenio de transporte metropolitano, e que polo tanto no marco desa negociación o Concello defenderá, e así se fixo saber na derradeira xuntanza, os criterios que se aprobaron neste Pleno; que sobre a estrada da Palma e o asfaltado contéstalle ao Concelleiro Edgar Vigo que esa mesma mañá estiveron reunidos cos responsables da obra, o xefe da obra e a enxeñeira que a dirixe; que coma saben é unha obra da Xunta de Galicia, nunha estrada de propiedade e competencia da Xunta de Galicia pero que afecta aos veciños e veciñas de Fene; que van continuar os traballos ata Bodegas Barral, ata O Penedo e logo seguen pola antiga estrada autonómica, atravesan a vía e dende O Ramo seguen ata A Ribeira e xa non afectan máis a estrada; que na gabia que se está a facer agora mesmo estase a meter o colector de augas residuais e o novo colector de auga para Ares e Mugardos que si continuará pola estrada xeral ata Maniños; que en todo caso, a preocupación inicial era a que sinalaba o Concelleiro, que ese asfalto co que están tapando a gabia que fixeron para os colectores é bastante precario e xa non está ben ; que lles comunicaron que este asfaltado non é definitivo, senón que é para poder tapar a gabia e para aguantar o tráfico rodado, e que no proxecto contéplase o fresado e posterior pavimentación deste carril, que sería o mínimo imprescindible; que en canto á auga de Magalofes está solicitada a xuntanza co Conselleiro e esperan esa resposta; que polo que respecta ao polígono de Vilar do Colo, están en conversas co Concello de Cabanas para poñer a andar canto antes o ente de conservación; que verbo do trazado na N-651, coma é habitual dende hai meses, se lle ven reiterando á Demarcación de Estradas a necesidade de o rematar e o que lles din é que unha vez que se fixo o asfaltado dos tramos discontinuos, agora o que se está a facer é asfaltar os tramos máis urbanos, coma é o caso de Fene, que son traballos que están en marcha dende aquí ata Abegondo e que rematarán durante os vindeiros meses.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Silvar Canosa quen, unha vez concedido, manifesta que non ten ningún inconveniente en contestar algo do que se deu conta na pasada Comisión de Dinamización Social, aos dous concelleiros que fixeron estas preguntas e na que estaba presente o voceiro do BNG; que o expediente o está levando o departamento de Secretaría para iniciar o expediente de contratación e que se dixo que cando remate a obra, cando se xustifique a mesma, terán unha penalización do dez por cento do total do custe; que tamén ten que dicir que faltaba un informe do técnico municipal sobre a disposición dos terreos e do arquitecto autor do proxecto no que indicase o tempo que van levar as obras; que en canto á pregunta do Museo do Humor tamén se deu conta do que hai pendente de facer das obras, que son unha serie de estragos que había coa empresa que fixo as obras, do mobiliario que aínda falta e marcar os cadros de Xaquín Marín, e que verbo da inauguración, o Museo do Humor xa está inaugurado, o único é que está en obras e que esta Corporación ten pensado que no mes de marzo si se rematan todas estas obras de acondicionamento se inaugure con algún tipo de actividade de homenaxe a Xaquín Marín.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Vigo López quen, unha vez concedido, manifesta que se trata dunha reapertura en lugar dunha inauguración.

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que queda rectificado.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Couto Seijido quen, unha vez concedido, manifesta que xa sabía todo o que acaba de dicir a Sra. Silvar Canosa, pero que a súa pregunta é de onde se vai sacar ese dez por cento de indemnización cos orzamentos prorrogados.

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que cos orzamentos prorrogados ou non o Concello ten orzamento, e que se sacará dos recursos propios do Concello.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Couto Seijido quen, unha vez concedido, pregunta si iso se pode facer, sacar ese dez por cento, e se hai vontade política de o facer.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e contéstalle que a intención do goberno é sacalo a licitación inmediatamente antes de que remate o prazo que da a Deputación, que cree lembrar que é en outono do ano en que andamos para ter a obra rematada, e que si hai instrucións para sacar a obra e licitala.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Couto Seijido quen, unha vez concedido, volve preguntar se haberá recursos do Concello para ese dez por cento.

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e di que terá que habelos.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que verbo dos colectores, os de Perlio, igual que o que pasa cos colectores en todo o Concello ,cando se rompen ou os queiman se amañan e se levan para o seu sitio; que en canto aos voluminosos hai varias cousas pendentes; que queren facer unha campaña de información a nivel de colectores no que se indique o novo servizo, cando se recolle, que día e que si notaron algún tipo de deficiencias, sobre todo ao principio e que se falou coa empresa que pediu un pouco de paciencia, sobre todo ao principio; que de feito a semana pasada cree que o mércores quedou sen recoller voluminosos e se fixo a recollida un par de días máis tarde, na zona de Magalofes e Limodre, polo que o servizo se está a facer regularmente e se están a facer máis horas sen custo para o Concello; que verbo das podas e talas que se están a facer no río Cádavo xa deu conta na Comisión, pero que non ten ningún problema en levar os orzamentos das distintas empresas á Comisión.

Seguidamente pide o uso da palabra a Sra. Roca Requeijo quen, unha vez concedido, manifesta que verbo dos voluminosos ,a casa teríase que comezar por onde había que empezala e non polo tellado, pois non é lóxico darlles información ás Sociedades un mes e pico ou dous meses despois de que o servizo que se está a prestar .

A continuación pide o uso da palabra o Sr. López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que dende que pasou o de Sogama, pensa que dende o vinte e nove de xullo, estaban pagando unha barbaridade a Urbaser por este servizo e máis outra barbaridade na planta de Riló para que os recolleran; que se negociou con estas empresas e conseguiron unha redución de case a metade do custo na recollida de voluminosos e de setenta euros por tonelada de vertido na planta do punto limpo, polo que consideran que era importante, ademais de garantir un mellor servizo, por motivos económicos que comezaran a traballar, polo que lles pediron paciencia e lles dixeron que farían máis horas, sen custe para o Concello, ata que coñezan tódolos puntos de recollida.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, pregunta que días se recollen os voluminosos.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente que contesta que tódolos mércores do mes.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que se depositarían as noites dos martes cara o mércores para recoller durante todo o día do mércores, en xornadas de dez horas que están facendo, do que xa se deu conta na Comisión.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que quere saber si xa chegou ao Concello o anteproxecto do Plan de ordenación do litoral.



De seguido lle contesta o Sr. Alcalde-Presidente dicindo que si, que chegou onte.

Pide novamente o uso da palabra o Sr. Galego Feal e, unha vez concedido, manifesta que pide que se lle achegue, xa que ten un prazo de suxestións non moi largo e canto antes se faga mellor; di que fai xa algún tempo que chegou ao Concello a relación de postos de traballo entregada á Deputación, que queren unha copia e pregunta si se vai facer algo con ela; que queren saber tamén si se solucionaron os problemas que tiña o proxecto de abastecemento de auga na avenida Naturais e na rúa da Fraga, que estaba pendente do informe de sanidade; que con ese proxecto tamén ía o do parque, duns oitenta mil euros e quere saber si xa se remitiron á Deputación; que si se pode estudar a posibilidade, xa falada en Comisión, de que na rúa Doutor Malvar, colocar onde está a sinal de dirección prohibida “excepto residentes”; pregunta si se avanzou algo ou si xa se falou co propietario dun solar para utilizar o mesmo coma aparcamento dos funcionarios; di que segundo as resolucións de Alcaldía os pagamentos a Sedega veñen sendo cada dous meses e pregunta se non se poden facer mensualmente.; pregunta se existe algún motivo especial para non devolver o aval presentado por Sedega no ano 2006 que xa foi solicitado en varias ocasións; pregunta si se colocou a varanda de acceso ao vaso da piscina e si se solucionaron os problemas de goteiras nos ximnasio; pregunta se hai a posibilidade de estudar a reubicación do semáforo e do farol que está diante do Concello vello, xa non so polo tema da accesibilidade de minusválidos, senón pola accesibilidade das persoas que circulan pola beirarrúa. Di que rogan o repintado das prazas de minusválidos, concretamente a praza fronte a farmacia de Barallobre e que urxe tamén a de fronte a Sevizos Sociais; que roga tamén a colocación dunha varanda na zona da curva da N-VI, fronte ao mercado vello; que roga o arranxo dunha focha na estrada fronte da escola infantil. Continúa o Sr. Galego Feal a súa intervención e di que verbo dos orzamentos, non lles gusta que se presenten antes á prensa que aos grupos políticos, que non lle parece educado que se lles chame por teléfono para anunciar que está o proxecto de orzamentos no rexistro e que poden pasar ao buscar o sábado pola mañá cando se convoca unha rolda de prensa para o luns ao mediodía; que é sinxelamente unha cuestión de educación e estilo.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e di que en canto a isto último entende que poderíalles parecer mal si se presentasen antes á prensa que aos grupos políticos, que toman nota disto; que verbo do Plan de ordenación do litoral explica que primeiro foron convocados por parte da Xunta de Galicia hai unha semana á presentación do Plan en Santiago pero non deron documentación ningunha e se viñeron para casa sen saber como ía quedar, concretamente, o litoral de Fene, e que a documentación chegou ao Concello antonte por rexistro e que onte se recibiu e xa se pasou á oficina técnica, ao enxeñeiro municipal para elaborar esas suxestións no prazo de dous meses; que tamén quere facer unha crítica á Xunta de Galicia porque se enterou pola Voz de Galicia coma ía quedar o litoral de Fene antes de ter aquí o proxecto; que o tema dos pagamentos a Sedega mensuais se pode estudar; que en todo caso, falarán coa empresa deste aspecto; que verbo da devolución do aval o expediente está en marcha e pendente de resolver; que polo que respecta ao farol e o semáforo no Xulgado de Paz di que o da farola é algo máis amañable, no sentido de que se pode substituír por un farol de brazo pegado ao propio edificio, pero que o do semáforo é dificilmente solucionable, porque o semáforo ten que estar na zona próxima ao cruce e o ancho da beirarrúa é a que é, que xa se había pensado nun semáforo de brazo, pero parece que tería que voar moito sobre a beirarrúa para ser visible dende a estrada e tampouco era moi viable o asunto, pero que se pode volver a estudar.

(Neste momento, sendo as dezanove horas e trinta minutos, ausentase da sesión o concelleiro Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira).

Continúa o Sr. Alcalde-Presidente a súa intervención e di que , en canto á zona de perigo na N-651, na zona onde falta a varanda, son coñecedores desta situación, e que xa está remitido á Estradas do Estado ; que supón que a resposta será que o Concello colabore con Estradas á hora de poñela e que se esa é a resposta o Concello colaborará instalando esa varanda para evitar caídas coma a que recentemente se ten producido.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Lourido González quen, unha vez concedida, manifesta que en canto á rúa Doutor Malvar, cando tiveron a reunión o Concelleiro de Obras máis el cos veciños da zona ,xa se falou desta posibilidade ,e que o problema está en que cando estes comececen a pasar por aí ,ao final van pasar todos e o peor vai ser o control; di que respecto do aparcadoiro de Maniños, a verdade é que aínda non se tocou; que verbo da RPT é un tema máis complicado, que evidentemente van facer algo, primeiro convocar á mesa de negociación; di que no Concello non existe un catálogo de postos de segunda actividade recollidas na RPT e que se lle pediu á empresa que fixo a RPT que inclúa diversos postos, de segunda actividade coma un anexo; que unha vez que o teñan convocarase unha mesa de negociación para tratar o asunto.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que verbo do proxecto de abastecemento da rúa da Fraga vai nun paquete co do avenida Naturais que se remitiu á Deputación e están pendentes da acta de replanteo que fixeron os técnicos de Fomento e o técnico municipal; que non o levou á Comisión deste mes polo tema do plan E e que o levará á seguinte Comisión; que verbo do pintado das prazas de aparcamento, xa están encargadas, que lles pasaron un orzamento que está aceptado e so falta que veñan a pintalas.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que el leva pedindo hai tempo o estado de execución do presuposto e que sen este documento vai ser difícil facer un estudo dos orzamentos; que verbo da obra do abastecemento de auga no campo de fútbol do Perlio parece que vai haber un problema co tubo que, segundo din os veciños, vai quedar ao descuberto por un tempo, polo que roga que se teña en conta; di que na praza verde ve que hai un estrago de enerxía grande e roga que se apague o alumeado pola noite; di que roga que se dea solución ao solicitado polo Colexio da Xunqueira; que con motivo das obras do EDAR se producen atascos e roga que se dea solución ao tema coa colaboración da Policía local para atenuar os mesmos.

Continúa o Sr. Sanchez Martínez e pregunta en qué situación se atopa o muro das Xancas; di que veu na prensa que o Alcalde estaba negociando unha cousa que non tiña que negociarse , porque o que se lles dixo aos grupos cando se tratou o tema da delegación da recadación na Deputación foi que o persoal da deputación estaría en período de cobro dous días en Fene e un o resto do ano, polo que, ou a noticia está mal dada ,ou se lles enganou naquel momento porque un dos motivos polos que él votou a favor dese asunto foi porque se lles dixo que a Deputación traería persoal; pregunta sobre o expediente que se abriu a unha empresa que está apilando material asfáltico en Vilar do Colo; pregunta se houbo algún contacto co goberno municipal para converter o Cine Adriano en hotel e se hai algún proxecto sobre elo.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que en relación á entrega do estado de execución do orzamento, como dixo no anterior pleno, non ten ningún inconveniente en facelo, pero require dun acordo plenario segundo lle informa a Intervención, polo que na seguinte sesión plenaria poden adoptar ese acordo; di que comparte con esquerda unida o dito verbo do alumeado da praza verde, e que de feito se ten transmitido á empresa que instalou o alumeado na praza que rematen a instalación do programador para que se apague a partires de determinada hora; que verbo do tema das obras da Edar e o tráfico, toma nota e mirarán a posibilidade de que poida ir un pouco máis fluído; que verbo dos cobros da Deputación, tería que mirar a acta, pero que do que se falou foi de que a Deputación poría persoal a disposición

do Concello para poder cobrar, pero cre que se falou de que este persoal podería estar entre dous ou tres días a disposición da xente .

O Sr. Sánchez Martínez pide novamente o uso da palabra e, unha vez concedido, manifesta que cando se tratou o asunto e o votaron, se lles afirmou que persoal da deputación estaría uns días nos períodos de cobro, polo que o que non se pode é negociar o que xa estaba negociado.

O Sr. Alcalde intervén e di que cando se falou con eles , falouse de que a Deputación poría persoal, e do que se trata agora, e polo que foron a falar, é de fixar cantos días e qué días, non que estean ou que non estean. Continúa o Sr. Alcalde a súa intervención dicindo que en canto ao expediente da empresa de Vilar do Colo non teñen oficialmente notificación ningunha, porque tanto o domicilio social da empresa como a parcela están no Concello de Cabanas; di que verbo do proxecto do cine Adriano é certo que existe un proxecto dunha apareladora de Ferrol para facer un complexo hoteleiro nesa zona, pero que tamén é certo que cada vez que lle chamou a prensa para falar deste tema sempre di o mesmo , que é que é un uso incompatible coa cualificación que ten no plan de ordenación municipal, polo que é un proxecto que a día de hoxe é irrealizable , porque o cine Adriano hoxe só pode utilizarse como equipamento cultural.

Pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal e, unha vez concedido, di que na prensa saíu aclarado que iso simplemente era un proxecto de fin de carreira.

O Sr. Alcalde intervén e di que esa persoa cando estaba facendo o proxecto veu ao Concello a buscar documentación e se lle puxo en contacto cos propietarios do edificio.

Deseguido pide o uso da palabra o Sr. López Rodríguez quen, unha vez concedido, di que en canto ao solicitado polo colexio A Xunqueira, o pintado dos pasos está encargado; que polo que respecta ao muro das Xancas se fixo un segundo proxecto cun estudio xeotécnico e neste incrementase o orzamento que ten que asumir o Concello, polo que meterán unha partida no orzamento porque ese incremento é integramente a cargo do Concello.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que quedou unha pregunta por él formulada sen contestar, relativa a si se colocou a varanda na piscina .

A Sra. Silvar Canosa pide o uso da palabra e, unha vez concedido, di que si, que se colocou hai moito tempo e que en canto ás goteiras, foron os técnicos municipais e pensan que pode ser un problema da cuberta.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezanove horas e cincuenta e dous minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe,  
O Alcalde-Presidente

A secretaria

Iván Puentes Rivera

Pilar María Pastor Novo.